




Facultade de Belas Artes
R/ Maestranza, 2
36002 Pontevedra
España

Tel. 986 8018 00
sdfba@uvigo.es
www.belasartes.uvigo.es

Informe de coordinación curso académico 2016/2017
Titulación Grao en Belas Artes
R1 DO-0201 P1

1. Información Xeral
2. Coordinadores
3. Accións de coordinación
4. Conclusións
5. Anexos

Redación	Validación	Aprobación
Responsable de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de Facultade
		
Data e firma: 15/09/2017	Data e firma: 29/11/2017	Data e firma: 29/11/2017

1. Información Xeral

Denominación do título:	Grao en Belas Artes
Centro onde se imparte o título:	Facultade de Belas Artes
Curso de implantación:	2008/2009

2. Coordinadores

Coordinador do título:	Marcos Dopico Castro
Coordinadores de Curso:	1º Curso Natividad Bermejo Arrieta 2º Curso María José Pérez Fabello 3º Curso Sol Alonso Romera 4º Curso Fernando Suárez Cabeza

3. Accións de coordinación

Durante o curso académico 2016/2017 realizáronse as seguintes reunións de coordinación:

1. Coordinador de título con profesores coordinadores de materia.
2. Coordinador de curso con profesores coordinadores de materia e co alumnado.
3. Reunión de coordinación de espazos expositivos de TFG e TFM
4. Reunión de coordinación de bolsas de mobilidade Erasmus, internacional e Sicue.
5. Reunións informativas sobre titulacións de Masteres.
6. Reunións informativas sobre o programa de doutoramento
7. Reunións informativas sobre Prácticas extracurriculares e Orientación profesional .
8. Reunión de coordinación xeral con todo o profesorado da facultade
9. Outras reunións de coordinación

1. Coordinador de título con profesores coordinadores de materia.

Durante o curso 2016/2017 foron precisas reunións do coordinador de Grao en Belas Artes e os coordinadores de materia para abordar a cuestión específica da elaboración das Guías Docentes. Estas reunións realizáronse de xeito presencial e a través de comunicacións vía mail no período anterior á data límite para a elaboración das Guías Docentes. Por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado solicitouse a todas as titulacións a modificación de certos aspectos relativos aos contidos das Guías Docentes que supoñían certos cambios e novidades. Con respecto á súa elaboración so existiu unha novidade con respecto ao curso pasado. No apartado «8 Bibliografía: Fontes de información» a introducción dos recursos bibliográficos realizase a través dun formulario específico, sendo necesario recolocar a información doutros cursos ou engadir unha nova. Así mesmo, para evitar erros e descoordinacións con respecto ao calendario de probas de avaliación, éste será publicado nas guías docentes a través dun enlace á web do centro, de xeito que esa información no caso dos períodos de avaliación de convocatorias extraordinarias atoparíanse centralizado. Lémbrese, como todos os anos, ao profesorado que as guías docentes de cada materia definen con detalle todos os aspectos das mesmas, e son aprobadas pola comisión de calidade e Xunta de Facultade, o que implica un compromiso de cumprimento das mesmas tanto por parte dos docentes como do alumnado no desenvolvemento da docencia. En este sentido, e ante o incremento constatable das reclamacións sobre aspectos das materias sensibles como as avaliacións, as guías docentes son o documento de referencia, avaliación, probas etc... por parte dun alumno, as guías docentes son o documento de referencia.

Os acordos derivados da reunión están inscritos dentro da obriga docentes do profesorado na elaboración das Guías Docentes, pero lembrouselles a todos os docentes a normativa específica presente no documento «Procedemento para o seguimento da docencia da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Normativa de cumprimento interno R2 DO-0201 P1» no seu punto «2. Planificación docente e xestión das Guías docentes (prazos, aprobación, revisión e publicación)». Informouse tamén a todo o profesorado sobre as disconformidades no resultado do Informe Final de Seguimento dos títulos relativos a incongruencias atopadas en algunhas guías de materias de grao que, aínda sen ser graves, implicaban erros como certas disparidades nas versións da guía en idiomas castelán e galego, polo cal pregase máxima atención na súa elaboración e revisión tanto por parte dos coordinadores de materia como dos coordinadores de curso e titulación.

2. Coordinador de curso con profesores coordinadores de materia e co alumnado (PAT).

As reunións de coordinación entre os/as docentes coordinadores de curso e os alumnos do Grao en Belas Artes desenvolvéronse durante o curso 2016/2017 esencialmente no marco de actuacións do Plan de Acción Titorial, a través de dúas reunións ao final de cada cuatrimestre, por tratarse da ferramenta máis eficaz e directa para a detección de problemas xurdidos no ámbito da docencia de a vida académica en xeral. Nas reunións participaron os coordinadores de curso anteriormente indicados xunto cos representantes do alumnado. Estas reunións tiveron o obxectivo de visibilizar as fortalezas e virtudes do Grao en Belas Artes así como posibles axustes e debilidades.

Tal e como podemos observar no informe do PAT, durante o curso non existiron graves incidencias ou problemas nos ámbitos da docencia, nin no desenvolvemento da loxística das clases no eido dos laboratorios, aulas e obradoiros, sen embargo salientaremos aqueles aspectos relevantes susceptibles de mellora no vindeiro curso.

En relacións as zonas de traballo dos alumnos, especialmente en 4º curso, o coordinador de curso Fernando Suárez, dando curso as demandas do alumnado, plantexa a necesidade dunha maior atención e mellora na distribución dos espazos de traballo e tamén daqueles espazos usados na presentación dos TFG. En boa parte desta problemática unha maior celeridade no reparto de titores e alumnos podería supor unha maior axilidade e paliar estes problemas.

O tema dos espazos é un tema fundamental en todas as titulacións impartidas na facultade. Conscientes desa problemática, desde o curso 15/16 incrementáronse as labores propias do coordinador de 4º curso de xeito que tamén inclúen a organización dos espazos de traballo así como apoio á organización na exposición final que cada ano se celebra no Pazo da Cultura de Pontevedra gracias á fluída colaboración co concello. Ademais das reunións propias do PAT realizáronse máis reunións de coordinación de espazos que detallaremos máis adiante. Salientar que o traballo realizado polo coordinador de 4º deu os seus froitos e a organización foi óptima.

O 9 de novembro de 2016 realizouse unha reunión específica de coordinación á que asistiron a decana Silvia García, o coordinador de espazos de traballo Fernando Suárez e boa parte dos alumnos implicados de 4º curso. Como orde do día trataronse os asuntos de repartos de espazos de traballo para o 1º cuatrimestre así como o reparto de espazos de traballo para o TFG no segundo cuatrimestre. Algunhos alumnos/as autoadxudicaronse espazos de traballo de xeito irregular, e ante as queixas recibidas publicase unha listaxe con un reparto oficial. Durante este curso existiron máis alumnos matriculados que espazos, polo que se solicitou a aqueles alumnos que non ían facer uso dos mesmos que o comunicasen ao responsable.

Volvendo ao informe do PAT, o alumnado volve a insistir na necesidade de establecer un horario nos talleres que coincida cos horarios das materias relacionadas, sen embargo este é un asunto xa abordado e que non ter solución, xa que existe unha incompatibilidade de horarios entre os profesionais maestros de taller que realizan unha xornada completa de traballo que é imposible facer coincidir con un horario de docencia repartido entre varios grupos, e que suporía unha duplicación de traballo para estes profesionais.

O mércores 19 de outubro de 2016 convocase unha reunión por parte da decana Silvia García e a coordinadora de 2º curso M^a José Pérez Fabello para o alumnado de 2º curso co obxectivo de tratar a problemática dos malos olores nas aulas provocadas por unha deficiencia nas instalacións nas aulas veciñas. Explicaselles ao alumnado can é a problemática e que foi solicitada a intervención da Unidade Técnica. A día de hoxe está solucionado o problema.

O alumnado apunta algunha necesidade puntual de material no espazo de Fotografía que será subsanado no vindeiro curso no momento de adxudicación do crédito para materiais de laboratorio. Falarase cos coordinadores das materias implicadas para coñecer as necesidades técnicas específicas para realizar as compras necesarias na medida do posible.

O coordinador Fernando Suárez apela ao civismo do alumnado ante o incremento de roubos e deterioro de materiais nas aulas dun xeito intencionado ou casual.

En relación ao profesorado e a docencia, salientar problemas puntuais xurdidos en materias concretas:

Na materia Informática: Técnicas Informáticas solicítase por parte do alumnado unha maior especialización dos docentes na materia así como unha explicación máis didáctica do temario. Proponse un reforzo na coordinación para o vindeiro curso de esta materia, con un forte carácter técnico e dificultosa de impartir. No curso 17/18 está previsto a contratación dun profesor asociado profesional da materia que previsiblemente mellorará a problemática.

O alumnado advirte de determinados desaxustes entre grupos nos contidos da materia Debuxo-Forma dependendo do profesorado que imparte clase en cada grupo. Na materia Técnicas Pictóricas solicitan unha maior implicación no colectivo da clase por parte do profesorado, en detrimento da atención individual, así como maiores demostracións prácticas das técnicas e un maior fomento do diálogo e debate nas clases. Nas materias de Antropoloxía e Técnicas Fotográficas tamén se demanda un maior fomento do debate.

En la materia Producción artística Imagen I rexistranse varias peticións relativa á coordinación entre os diferentes aspectos da materias (teóricos e prácticos), especialmente advirten unha deficiencia no ensino das ferramentas dixitais.

Un aspecto preocupante sinalado polos alumnos foron determinados comentarios por parte dunha parte do profesorado das Materias Arte e Contemporaneidade e Historia da Arte que poden ser interpretados como faltas de respecto, tal e como queda detallado no informe anual do PAT. En este sentido o decanato a través do vicedecanato do profesorado reunírase co profesorado implicado para explicarlles as situacións xeradas, entendendo que en ningún momento existiu unha vontade de perxuízo pero sempre é necesaria este tipo de aclaracións que teñan en conta a diversidade do alumnado e a posibilidade de malas interpretacións. Entendemos de tódolos xeitos que se trata de casos illados dentro dun contexto da confianza e complicidade que se xera dentro das aulas dunhas ensinanzas como as de Belas Artes na que o debate co alumnado é moi directo. É necesario salientarmos tamén que o alumnado valora moi positivamente a calidade das ensinanzas en estas materias do profesorado, especialmente a participación de profesionais externos. Na materia Producción artística: Obxecto e espazo tamén se valora moi positivamente o labor docente, pero precisan que existen desaxustes entre a elaboración dunha memoria e as clases prácticas.

Estes desaxustes serán tratados no vindeiro curso en reunións de coordinación para a elaboración das guías docentes.

Rexistranse peticións para axilizar o proceso de distribución e cambios de grupos. Este é un asunto que necesariamente implica unha demora no tempo xa que é tal o número de casos de peticións así como a chegada de alumnos máis alá do inicio do curso que non é posible optimizar máis o proceso.

Constatase tamén unha mellora na información sobre liñas de titorización de TFG e TFM realizada o curso pasado que repercutiu nunha maior satisfacción por parte do alumnado, aínda que existiron casos puntuais que demoraron en exceso esa distribución.

Rexistrase unha petición por parte do alumnado do dereito ao uso e intervención plástica dos espazos comúns do edificio. Aínda que interesante (e pouco concreta), animábase ao alumnado a detallar e levar adiante este tipo de accións sempre e cando se respecte o espazo, a súa seguridade e a libre circulación de persoas polos mesmos. Este tipo de accións non poden implicar un perxuízo para os demais usuarios do centro. Emplazábase ao alumnado a realizar unha proposta en firme máis detallada.

Para un maior detalle pode consultarse o informe final do Plan de Acción Titorial do curso 16/17.

3. Coordinación de espazos expositivos de TFM e TFG

Como xa se informou no Informe de Coordinación do curso pasado, dada a natureza fundamentalmente práctica dos traballos presentados ao TFG nas titulacións da Facultade de Belas Artes, e debido as necesidades de espazos expositivos que se xeneran, é necesaria unha especial coordinación dos espazos dispoñibles e as datas de presentación de ditos traballos para evitar solapamentos e incidencias. Tal e como se especifica no informe do PAT, o 9 de novembro de 2016 realizouse unha reunión específica de coordinación á que asistiron a decana Silvia García, o coordinador de espazos de traballo Fernando Suárez e boa parte dos alumnos implicados de 4º curso. Como orde do día trataronse os asuntos de repartos de espazos de traballo para o 1º cuatrimestre así como o reparto de espazos de traballo para o TFG no segundo cuatrimestre.

Algunhas das pezas expostas inclúen instalacións multimedia, obras de grande volume, montaxe con necesidades especiais como cubículos con iluminacións especiais etc... A esta circunstancia temos que engadir que cada final de curso, no mes de xullo, tanto para o estudantado do grao en Belas Artes como para o do Master en arte contemporánea organízase dende a facultade as exposicións «Do final e do comezo» e «Isto segue o seu curso», situadas no Pazo da Cultura de Pontevedra e no Museo de Pontevedra respectivamente. Algúns dos traballos presentados son valorados polos diferentes tribunais da convocatoria de xullo na propia sala de exposicións, mentres que outros son valorados na facultade. Por outra banda, tanto os alumnos de master como os de grao, posúen espazos individualizados para a realización do seu traballo, o que supón un traballo de reparto e organización ao comezo do TFG e TFM.

Do mesmo xeito que se ven facendo dende o curso 15/16, durante o curso 2016/2017 o profesor coordinador de 4º curso do Grao en Belas Artes Fernando Suárez foi o encargado de dita coordinación, laboura que incluíu tamén os TFM dos dous masters impartidos. Tanto na convocatoria ordinaria como na convocatoria extraordinaria de xullo (previamente as dúas convocatorias) tiveron lugar diferentes reunións cos responsables das titulacións, así como cos coordinadores/as dos TFM. No Grao en Belas Artes realizáronse reunións de coordinación por parte do coordinador de Grao (Marcos Dopico), coordinador do TFG (Ignacio Jofre), coordinador de 4º curso (Fernando Suárez), decana (Silvia García) e comisarios da exposición de TFG (Antonio Bandera e Sol Alonso). No que respecta á coordinación dos TFM realizáronse reunións de coordinación entre os coordinadores dos masters (Anne Heyvaert e José Chavete), o coordinador de espazos (Fernando Suárez) e os docentes coordinadores dos TFM (Mar Rodriguez Caldas e José Chavete).

Estas reunións de coordinación tiveron como obxectivo principal de conseguir un correcto desenvolvemento das materias TFG e TFM no seu periodo expositivo. Durante o curso 2016/2017 foi especialmente necesaria esta coordinación xa que foron aprobadas novas normativas tanto internas da facultade como da propia universidade en TFG e TFM no curso 15/16. Estas normativas implicaron unha maior participación do número de titores en todo o proceso, o cal repercutiu nunha maior pluralidade de propostas e puntos de vista, pero supuxo un aumento do traballo na unificación dos criterios, as mensaxes e os acordos acadados. Diferentes alumnos, tal e como queda reflexado nos informes de PAT, manifestaron a súa preocupación pola falta de información das liñas de traballo dispoñibles por parte do titores, circunstancia que foi subsanada por parte do coordinador de TFG e TFM en comunicación directa cos alumnos. A esta circunstancia temos que engadir que de novo na titulación de Grao en Belas Artes o número de alumnos presentados á convocatoria extraordinaria de xullo foi maior que os presentados á convocatoria ordinaria, circunstancia que supón un cambio no comportamento e compe ser analizado.

En termos xerais non existiron problemas graves na coordinación de todo o proceso de TFG e TFM, pero si que foi necesario establecer un novo sistema de reparto dos espazos de traballo. Moitos dos alumnos/as que decidiron presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo continuaron traballando nos seus espazos máis alá das datas de finais das clases, o que supuxo unha necesaria coordinación cos responsables do persoal de administración da conserxería para non interferir na limpeza dos espazos doutras asignaturas que se realiza todos os anos por esas datas. Habilitáronse ademais, en coordinación co persoal de conserxería, espazos como almacén provisional para traballos que os alumnos no poden retirar en esas datas, facendoo máis tarde no final de curso.

4. Reunión de coordinación informativa sobre bolsas de mobilidade erasmus, internacional e Programa Sicue.

O 19 de outubro de 2016 realizouse unha reunión informativa destinada a todos aqueles alumnos interesados na participación nos programas Erasmus e de intercambio internacional. A reunión asistiron o vicedecano de Relacións Internacionais Carlos Tejo, a decana Silvia García e aqueles alumnos interesados nas bolsas de intercambio internacionais. O obxectivo principal da reunión foi o de informar de xeito máis detallado sobre todo o procedemento administrativo das bolsas, o procedemento de selección, os destinos dispoñibles así como resolver todas as dúbidas sobre materias, créditos e en especial os problemas xurdidos en torno á realización do TFG por parte de alumnos no extranxeiro. Esta reunión obedece a unha necesidade detectada dos alumnos que, máis alá da información que reciben por parte da Oficina de Relacións Internacionais, precisan dunha información máis detallada sobre o tipo de estudos en diferentes universidades en relación as materias do Grao en Belas Artes. Dende o vicedecanato de relacións internacionais estase a recopilar información sobre os diferentes destinos a través dos contactos entre os responsables de Erasmus e Internacional, e a través das experiencias dos alumnos que xa tiveron esa vivencia na propia universidade de destino. Isto permite transmitir aos futuros alumnos unha información máis axeitada e detallada en relación ao enfoque dos estudos de Belas Artes, ilustración, deseño, fotografía..., os modos de traballo ou as condicións de vida nas cidades, universidades e facultades nas que existe un convenio de intercambio. Esta información é moi valorada polos estudantes, sendo recorrentes as dúbidas surtidas en estos aspectos máis alá dos puramente académicos.

Logo desta reunión constatouse que as consultas de xeito individualizado sobre todos estes aspectos por parte dos alumnos eran menores, polo tanto pode considerarse satisfactoria e continuarase con esta dinámica nos vindeiros cursos.

De igual xeito que a reunión sobre programas Erasmus e Internacional, realizouse unha reunión para a información dos aspectos máis salientables do programa Sicue de intercambio do alumnado con universidades españolas. Acudiron á reunión a responsable de Sicue a Vicedecana de Organización Académica Susana Cendán, o persoal de administración de apoio ao programa, a decana do centro Silvia García e o alumnado interesado no programa. A reunión tivo como principal obxectivo aclarar as dúbidas máis recorrentes do alumnado detectadas polos responsables do programa en relación aos recoñecementos de materias, procedementos administrativos na aplicación informática, destinos dispoñibles para o vindeiro curso etc... A reunión foi considerada de gran axuda xa que existía un descoñecemento case absoluto sobre os trámites administrativos necesarios para o programa de intercambio, o cal supoñía un traballo constante para atender dúbidas de xeito individualizado.

5. Reunión de coordinación sobre as titulacións de master impartidas na facultade

No mes de maio de 2016 realizouse unha reunión informativa destinada ao alumnado de último curso de grao interesados en continuar os seus estudos de master na facultade. Acudiron á reunión os coordinadores do «Master en Arte Contemporánea: Creación e investigación» Anne Heyvaert, do «Master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual» José Chavete, a decana Silvia García e a Vicedecana de Organización Académica Susana Cendán, ademais dos alumnos de 4º de Grao en Belas Artes. O obxectivo principal da reunión foi o de facilitar toda a información precisa sobre as titulacións de master impartidas actualmente na facultade. Na reunión a Vicedecana de Organización Académica explicou ao alumnado as cuestións administrativas máis salientables, que requisitos implica o acceso a un master, a que titulacións de acceso unha vez obtido o título etc... Así mesmo, os dous coordinadores dos masters explicaron en detalle os contidos principais dos estudos, as súas competencias, materias, profesorado, saídas profesionais, prácticas curriculares etc... Así mesmo, a decana do centro informou tamén sobre a titulación de «Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas» que, aínda que non é unha titulación do centro, está destinado á alumnos graduados e licenciados en Belas Artes e capacita para o exercicio da docencia.

As dúbidas dos alumnos nesta reunión foron esencialmente encamiñadas hacia as posibilidades de saídas profesionais de cada un dos master, as posibilidades de bolsas existentes e a realización de prácticas profesionais. Ao alumnado repartuselles ademais toda a información sobre as titulacións.

Esta reunión enmárcase dentro dunha estratexia de coordinación e promoción dos master da facultade entre os coordinadores das titulacións co obxectivo da captación de alumnos propios para as titulacións de master. Estas accións implican a actualización de material gráfico e audiovisual de promoción das titulacións de master, a súa distribución en centros de interés de futuros alumnos e unha potenciación da información en web e redes sociais.

6. Sesión informativa: Programa de doutoramento en creación e investigación en arte contemporánea. Dirixida especialmente a alumnado de master.

O mércores, 31 de maio de 2017 realizouse unha reunión informativa destinada especialmente aos alumnos de mestrado pero aberto a todo o alumnado co fin de informar de todos os aspectos dos programas de doutoramento do centro e do campus. Asistiron a decana Silvia García e o coordinador do programa de doutoramento Ignacio Barcia. Na reunión constatouse que existe un descoñecemento por parte do alumnado en xeral sobre o que implican os programas de doutoramento, o sentido e orientación dos cursos e os prazos para a realización da tese de doutoramento. Informouse ademais que dentro do contexto do Campus Crea - S2i estase a traballar nun novo programa de doutoramento ao que poderán optar alumnos que proveñan de mestrados da facultade e que será engadido á oferta de programas máis alá do propio do centro.

7. Reunión con alumnos de prácticas extracurriculares e orientación profesional.

O martes 15 de novembro de 2016, a decana Silvia García e a vicedecana de profesorado Susana Cendán informaron das últimas reunións con empresas e institucións para a realización de prácticas extracurriculares, así como da programación das charlas pre-profesionais. A pesar de que a titulación Grao en Belas Artes non posúe prácticas curriculares, existe un incremento do interese na realización de prácticas extracurriculares por parte do alumnado. As prácticas extracurriculares supoñen un primeiro contacto co mundo profesional. Na reunión explicáronse as condicións necesarias a través da FUVI, as obrigas e dereitos do alumnado e demais protocolos. Ademais a decana informou das últimas reunións con empresas como Citroen, xerencias da área sanitaria de Vigo e Pontevedra e Gradient que demandaban alumnado para a realización de diferentes proxectos de colaboración. Anunciouse tamén o programa de charlas pre-profesionais do curso.

Nos últimos anos produciuse un aumento significativo nas peticións de entidades sen ánimo de lucro, centros de ensino, administracións e asociacións para a realización de proxectos relacionados coas artes plásticas e a creatividade. Dende a facultade resulta difícil atender a todas as peticións xa que moitas delas requiren tarefas de xestión coas entidades. Acordase dende o centro atender ao maior número posible sempre e cando estas propostas posúan un mínimo de condicións de traballo óptimas.

8. Reunión de coordinación xeral con todo o profesorado da facultade

Unha vez rematado o período docente, realizouse unha reunión de coordinación xeral con todo o persoal docente e investigador de todas as titulacións co obxectivo de abordar diferentes problemas que afectaban a todo o persoal dun xeito transversal e recabar así as opinións e propostas de todo o persoal e sometelas a debate. A reunión realizouse o 14/06/2007 e, entre outro profesorado, asistiron o equipo decanal, directores/as dos departamentos de Debuxo, Pintura e Escultura, coordinador de Grao en Belas Artes, coordinador do master en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual, coordinadora do Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación, coordinadora do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda, coordinadores de curso do Grao en Belas Artes, coordinadora de actividades de voluntariado, coordinadora para o alumnado con necesidades especiais, coordinador de organización de espazos de traballo e coordinadores de TFG e TFGMs.

1. Tratamento do alumnado con discapacidades e/ou necesidades especiais.

Nos últimos cursos académicos, constátase un incremento importante da presenza de alumnado con diferentes necesidades especiais, así como a necesidade da súa atención por parte de todo o persoal da facultade. A vicedecana Susana Cendán, encargada da coordinación da atención a necesidades especiais, informa de que na universidade existe o servizo Programa de Integración de Univesitarios con Necesidades Especiais (PIUNE), que imparte diferentes cursos de formación ao respecto. Aclásanse diversas circunstancias con respecto a actuacións do profesorado ante estas situacións. Como norma xeral de actuación, en todo momento o profesorado debe profesar un trato discreto e respectuoso co alumnado en estas circunstancias, e non pode existir un trato directo coa familia do alumno/a xa que se trata de persoas maiores de idade. Ademais existe un protocolo de actuación confidencial, polo que a decana -dado o seu carácter confidencial- propón informar a todo o profesorado implicado deste protocolo en caso de ter alumnos/as con este tipo de problemáticas no momento que se den estas circunstancias. A vicedecana Susana Cendán actuará de coordinadora e enlace.

A vicedecana informa de que existiron tamén casos de acoso, con un protocolo diferente de actuación. Recalca que o profesorado e todo o persoal da facultade debe estar atento ante as sospeitas e feitos relacionados con cuestións de acoso, poñendo en coñecemento do decanato calquer evidencia ou sospeita do mesmo para iniciar ese protocolo.

Diversos profesores do centro, entre eles Jesús Hernández e José Antonio Castro, reclaman que a facultade debe reivindicar á universidade un gabinete de apoio para unha maior atención de casos especiais, que implique unha formación específica para o profesorado, xa que non é especialistas nin existe unha formación específica para estes casos.

A decana informa sobre a existencia dun alumno en 4º curso xordomudo que acude as súas clases con unha traductora de linguaxe de signos. Solicita a todo o profesorado implicado que colaboren e faciliten tanto a labor da traductora como na integración plena do alumno.

2. Cuestións de intercambio internacional de alumnos e relacións internacionais

O vicedecano de relacións internacionais Carlos Tejo solicita a todo o profesorado que comunique a súa dispoñibilidade a impartir materias en Inglés co fin de organizar posibles opcións de docencia a impartir no Grao en Belas Artes en relación aos alumnos que recibimos de intercambio. Deste xeito será máis doado ofrecer unha formación en Inglés para todos aqueles alumnos de intercambio que o desexen, e facilitar asía súa formación en integración no centro. Esta información é transmitida a facultades e centros con convenio en vigor ou futuros, ofrecendo unha información moi importante ao alumnado alleo.

